

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fins de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2016.

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia. Este, no artigo 27.19, establece como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o fomento da cultura en Galicia e, no artigo 32, que lle corresponde ao Goberno da nosa comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asume as competencias que a facultan para o deseño, a programación, o desenvolvemento e a execución da política cultural do Goberno de Galicia en todas as súas vertentes. Compételle a esta consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos a través da xestión das diferentes axudas e instrumentos de colaboración coas asociacións, fundacións, movementos colectivos, corporacións locais e industrias culturais, que desenvolvan un labor cultural dentro do seu ámbito competencial.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere establecer con esta orde un instrumento que, axeitándose á normativa xeral vixente, marque as pautas para unha distribución, consonte os criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados á realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, de acordo cos principios recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

CVE-DOG: si1vv4x0-y0j3-h719-u5h2-9ywf1g228u1



DISPOÑO:

Artigo 1. *Finalidade e obxecto*

1. Esta orde ten como obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a financiar os gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado para o ano 2016.

Inclúense nesta orde os gastos correntes derivados da realización dos programas e actividades desenvolvidos desde o 1 de xaneiro de 2016 ata a data límite de xustificación da orde.

2. Para os efectos desta convocatoria, entenderase por programas ou actividades culturais concretas aquelas destinadas á promoción e cooperación cultural e á difusión e animación sociocultural que contribúan ao espallamento e á promoción da cultura en Galicia.

3. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde será tramitado en réxime de concorrència competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Co fin de cumprir co principio de concorrència sinalado, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de avaliación, que se axustará aos preceptos contidos no título II, capítulo II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No desenvolvemento desta orde observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

d) Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.



e) Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

E supletoriamente:

f) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Nesta lei recóllense artigos de carácter básico que son de aplicación á normativa desta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

g) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que será de aplicación só nos seus preceptos básicos.

h) Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 2. *Imputación orzamentaria e contía*

As subvencións reguladas nesta orde concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016, seguintes: 10.20.432B.481.2 por un importe inicial máximo de 30.000 €, para os solicitantes dentro do grupo de institucións sen fins de lucro e 10.20.432B.460.0, por un importe inicial máximo de 20.000 €, para o grupo de solicitantes de entidades locais e agrupacións de concellos, sen prexuízo de que este orzamento inicial poida ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1. A dotación das axudas será destinada ao financiamento dos gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado para o ano 2016.

2. A axuda máxima por beneficiario que concederá a consellería será de 6.000 €, que en ningún caso poderá exceder o 70 % do orzamento total do proxecto que se vaia realizar. Este importe de 6.000 € ascenderá a 7.500 € cando se trate de solicitudes conxuntas de entidades locais, é dicir, solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar).



O importe máximo destas axudas non poderá, en ningún caso, superar o custo das actividades que desenvolvan as entidades beneficiarias; estas axudas serán compatibles, para os mesmos gastos subvencionables, con outras axudas concedidas por entidades públicas ou privadas sempre que a acumulación de axudas non supere a totalidade do custo e se respecten as condicións establecidas en cada réxime de axudas, na normativa aplicable.

En caso de que o conxunto das axudas supere o custo das actividades, esta axuda reducirase na cantidade necesaria ata acadar o cumprimento do establecido anteriormente.

3. Non terán dereito a percepción de axuda aquelas entidades cuxos seus eventos non acaden, polo menos, 25 puntos na valoración da comisión, segundo os criterios establecidos no artigo 8.3.B (valoración do proxecto que se vai realizar).

4. Entre as entidades que teñan dereito á percepción da axuda, en función dos puntos obtidos nas modalidades de artes escénicas e música, por acadar a puntuación mínima. Para obter a contía subvencionada, repartirase o importe total de cada orzamento (30.000 €, no caso de solicitantes que sexan do grupo de entidades sen fins de lucro e 20.000 €, no caso de solicitantes de entidades locais e agrupacións de concellos) directamente proporcional aos puntos acadados e á contía solicitada.

5. No caso de que algún dos dous grupos de beneficiarios non esgote o seu orzamento, ben polo número de solicitudes ben pola puntuación obtida, a comisión de valoración poderá incorporar o importe sobrance ao outro grupo de solicitantes.

6. Non se poderán subcontratar, nin total nin parcialmente, as actividades realizadas, de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. *Beneficiarios*

1. Dentro dos límites orzamentarios e de acordo coas condicións e criterios que se establecen nestas bases, poderán acceder a estas axudas as institucións sen fins de lucro domiciliadas en Galicia, así como as entidades locais galegas, que leven a cabo algún dos eventos descritos no obxecto da convocatoria, e cumpran os requisitos referidos no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

As entidades locais galegas poderán presentar a súa solicitude individual ou conxuntamente, baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou outra



fórmula similar). Quedarán excluídas as solicitudes conxuntas en que non se acredite a realización conxunta do evento, e que supoñan actuacións independentes en cada entidade local.

Nos supostos de mancomunidades, consorcios ou áreas metropolitanas, deberá acreditarse que as actividades se prestan de xeito mancomunado, metropolitano ou consorciado e que, en todo caso, non supón unha actuación illada ou independente.

2. As fundacións que se acollan a esta convocatoria non poderán percibir subvencións nin axudas públicas se non cumpren coa obriga de presentarlle as contas ao protectorado, segundo o establecido no artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarios as entidades en que conorra algunha das prohibicións establecidas nos termos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, os solicitantes presentarán unha declaración responsable de non estaren incurso en tales circunstancias, consonte o modelo establecido no anexo I desta convocatoria.

4. Cada solicitante só poderá presentar un único proxecto e cada proxecto só poderá ter un único solicitante.

Artigo 4. *Presentación de solicitudes, prazo e documentación*

O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes. A solicitude irá dirixida á Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A presentación farase da seguinte forma:

Cando os interesados teñan a consideración de entidades locais, a presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de conformidade co establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico



dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Para todos os demais interesados as solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A solicitude realizarase da maneira que a seguir se indica:

1. Documentación xeral.

Xuntarase a seguinte documentación, mediante orixinal ou fotocopia compulsada ou debidamente autenticada, que a seguir se relaciona:

1.1. Entidades locais e agrupacións de concellos.

a) Anexo I cuberto.



1.2. Entidades sen fins de lucro:

a) Anexo I cuberto.

b) Certificado do acordo de solicitude da axuda.

c) Acreditación da representación da persoa que a asine en nome da entidade.

d) Copia do NIF da entidade, no caso de que denegue expresamente a autorización para a súa verificación no anexo I, e do DNI/NIE do representante, que só deberá presentarse no suposto de que a persoa solicitante non dese o seu consentimento para que o órgano instrutor comprobe os seus datos de carácter persoal, por medios telemáticos co servizo horizontal de acceso aos sistemas de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (de acordo co disposto no artigo 2.2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos).

e) Copia compulsada ou cotexada dos estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no rexistro que corresponda.

2. Documentación específica requirida:

2.1. Ficha do proxecto (anexo II).

2.2. Memoria da traxectoria e interese cultural e artístico do evento en edicións anteriores, que deberá abordar os seguintes aspectos:

2.2.1. Antigüidade do evento, carácter continuado e non ocasional do proxecto e concreción do número de edicións levadas a cabo da actividade.

2.2.2. Premios e recoñecementos acreditados.

2.2.3. Asistencia de público, con indicación dos datos de participación presencial.

2.2.4. Calidade das programacións, resumo dos contidos e obxectivos da actividade, facendo explícitos os seus aspectos innovadores.

2.2.5. Repercusión nos medios de comunicación e no territorio.



2.3. Memoria completa e detallada do proxecto que vai realizar, que inclúa separadamente os seguintes puntos:

2.3.1. Interese, singularidade e relevancia artística e cultural da edición.

2.3.2. Contribución e estratexias de captación ou creación de novos públicos e destinatarios do proxecto: contorno da propia entidade, colectivos específicos, público xeral.

2.3.3. Programación de actividades culturais complementarias vinculadas ao proxecto presentado.

2.3.4. Plan de comunicación, deseño, desenvolvemento, presenza do evento nos medios de comunicación, na internet e nas redes sociais.

2.3.5. Repercusión territorial, estimación de potenciais beneficiarios e outras entidades implicadas no desenvolvemento do evento.

2.3.6. Contribución ao desenvolvemento e difusión da cultura e lingua galegas, presenza do galego no programa do evento e na súa difusión.

2.4. Para as solicitudes conxuntas presentadas por entidades locais: memoria de aforro de custos respecto á presentada de modo individual.

2.5. Para entidades locais, acreditación do cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, o que deberán acreditar antes da concesión, segundo o previsto no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades galegas.

A documentación específica requirida neste punto poderá ser entregada en soporte papel, CD-Rom ou en memoria USB. En calquera dos soportes que se presente deberán figurar os mesmos ficheiros e con igual contido. Todos os ficheiros deberán incorporar un índice do seu contido. Os formatos dos ficheiros poderán ser PDF ou excel. Se se inclúen fotografías ou debuxos, serán en formato JPG.

Poderán achegar calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude.

A documentación complementaria, no caso de entidades locais, presentarase electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal.



Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria, para o resto dos solicitantes, poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Os anexos desta orde poderanse obter a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.es>, directamente ou tamén a través do portal www.xunta.es.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños límites establecidos pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede



electrónica da Xunta de Galicia publicárase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

Na sede electrónica encóntranse publicados os formatos admitidos para a presentación de documentación. Se o solicitante desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizalo de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados. A persoa representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

Artigo 5. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle a persoa representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.



4. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

5. De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

Artigo 6. *Protección de datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas representantes mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas representantes sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico ao seguinte enderezo sxt.cultura.educacion@xunta.es.

Artigo 7. *Emenda de solicitudes*

Se a documentación presentada é incompleta ou presenta erros emendables, requirirase o solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desiste da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 42



da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8. *Instrución do procedemento e selección de solicitudes*

1. Correspóndelle á Secretaria Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a instrución do procedemento de concesión de subvencións, que desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución.

2. A comisión de avaliación a que fai referencia o punto 3 do artigo 1 estará constituída polos seguintes membros:

a) Presidente: o secretario xeral de Cultura.

b) Catro vogais: a subdirectora xeral de Xestión e Coordinación Cultural, o xefe do servizo de Xestión Administrativa e dous funcionarios designados polo secretario xeral de Cultura, dos cales un deles actuará como secretario.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da comisión, poderá ser substituído por outra persoa que para o efecto designe o secretario xeral de Cultura.

3. A comisión valorará os expedientes, consonte os seguintes criterios prioritarios:

A) Traxectoria e interese cultural e artístico do evento nas edicións anteriores: 25 puntos.

A comisión valorará, segundo a documentación presentada acreditativa:

– A antigüidade do evento: 1 punto por cada 5 edicións, cun máximo de 5 puntos.

– Os premios e recoñecementos acadados polo evento: 1 punto por cada premio, cun máximo de 5 puntos.

– A asistencia de público en edicións anteriores: 1 punto por cada 1.000 asistentes, cun máximo de 5 puntos.



– A calidade das programacións: máximo 5 puntos. Explicitará os aspectos innovadores e a contribución ao desenvolvemento e difusión da cultura e lingua galega; baixa 1 punto, media 3 puntos e alta 5 puntos.

– A repercusión nos medios e no territorio: máximo 5 puntos. Escasa repercusión 1 punto, media 3 puntos e alta 5 puntos.

B) Valoración do proxecto que se vai realizar: 50 puntos.

– Interese, singularidade e relevancia artística e cultural do evento: 20 puntos.

– Contribución á captación ou creación de novos públicos: 10 puntos.

– Actividades culturais complementarias, vinculadas ao proxecto presentado: 5 puntos.

– Plan de comunicación: 5 puntos.

– Repercusión territorial do evento: 8 puntos.

– Contribución ao desenvolvemento e difusión da cultura e lingua galegas: 2 puntos.

C) Nivel de financiamento do evento: 25 puntos.

– Autofinanciamento superior ao 60 %: 25 puntos.

– Autofinanciamento superior ao 40 % e ata o 60 %: 15 puntos.

– Autofinanciamento superior ao 30 % ata o 40 %: 5 puntos.

4. Como puntuación adicional, en cumprimento do acordo do Consello da Xunta, polo que se determinan os criterios aplicables ás axudas e subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para primar proxectos de xestión compartida e incentivar procesos de fusión municipal, outorgaranse ata 45 puntos a aquelas solicitudes que cumpran algún dos seguintes criterios:

A) Agrupacións de concellos baixo calquera fórmula agás a de fusión municipal:

– 15 puntos por presentación de solicitudes conxuntas.

– Ata 15 puntos, segundo os seguintes criterios:

a) Nº de concellos asociados: ata 5 puntos.



b) Nº de servizos que se van prestar de forma compartida: ata 5 puntos.

c) Repercusión sobre o número total de poboación: ata 5 puntos.

– Pola valoración da memoria explicativa do aforro de custos que supón a prestación conxunta sobre a individual: ata 15 puntos.

B) Fusión municipal. Pola mera presentación da solicitude por parte das entidades resultantes da fusión: 45 puntos.

A puntuación máxima será de 145 puntos.

O órgano instrutor formulará proposta de resolución motivada das subvencións, logo de examinar os expedientes e do informe de avaliación emitido pola comisión de valoración, e repartirá o importe total do crédito dispoñible proporcionalmente á puntuación obtida. Quedan excluídas aquelas solicitudes que non acaden unha puntuación igual ou superior a 45 puntos.

Esta resolución terá carácter de provisional cando concorran as circunstancias previstas no artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar o beneficiario a reformular a súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable.

No caso de empate, para desempatar terase en conta, en primeiro lugar, o criterio de autofinanciamento e, en segundo lugar, a data de presentación da solicitude.

No suposto de que algunha entidade non acepte a axuda ou renuncie a esta, o órgano instrutor poderá formular proposta de resolución complementaria, e adxudicar o importe dispoñible ás solicitudes valoradas pola comisión e que non acadaron a axuda por límites orzamentarios, de acordo coa orde de puntuación establecida.

Artigo 9. *Resolución*

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de 15 días desde a elevación da proposta de resolución, ditará a resolución de concesión de acordo co disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regu-



lamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e comunicará por escrito aos beneficiarios o seu importe.

Artigo 10. *Notificación e desestimación*

O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución expresa non poderá superar os cinco meses, en aplicación do Plan de acción de redución de cargas administrativas aprobado polo Consello de Ministros en xuño de 2008; a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma, en aplicación deste plan, propón como medida indirecta para a redución das cargas administrativas a redución dos prazos legais e efectivos na tramitación dos procedementos.

O prazo computarase a partir da publicación desta convocatoria.

O vencemento do citado prazo de 5 meses sen que se notifique a resolución expresa faculta o interesado para entender como desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 11. *Aceptación, xustificación e pagamentos*

1. Unha vez notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os propostos como beneficiarios disporán dun prazo de 10 días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se produza manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada polo representante da entidade beneficiaria.

2. Os beneficiarios das axudas quedan obrigados a acreditar a realización dos proxectos subvencionados e a xustificar a totalidade do orzamento, ata o 16 de novembro de 2016; en caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción. O cumprimento efectivo dos fins para os cales foi concedida a axuda acreditarase por medio da presentación de orixinal ou copia compulsada e unha copia da seguinte documentación:

a) Memoria económica abreviada co contido seguinte: estado representativo dos gastos correntes efectuados para a realización das actividades subvencionadas, debidamente agrupadas.

b) Relación de gastos ordenada segundo o concepto a que se atribúe, fotocopia compulsada das facturas e xustificantes bancarios do seu aboamento, incorporados na mesma



orde que na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior. No xustificante bancario deberá constar, ademais do emisor e receptor do pagamento, o número de factura obxecto do pagamento e a data. Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por provedor, non supere os 300 euros. Neste caso, o pagamento xustificárase mediante a factura asinada e selada polo provedor, en que figure a expresión «recibín en metálico».

c) Memoria explicativa do proxecto realizado en relación coa axuda concedida, xunto coa porcentaxe de autofinanciamento do investimento que para o mesmo proxecto fixo o beneficiario.

d) No momento da xustificación da execución do proxecto e, en calquera caso, antes do pagamento, o petionario deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, segundo o anexo III.

Cando as actividades fosen financiadas con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos, segundo recolle o artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, segundo o anexo III.

No caso de entidades locais deberán presentar, ademais:

a) Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida, de acordo co disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control, do cumprimento da normativa de contratación pública vixente na tramitación do procedemento de contratación.



Deberase cumprir o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas). Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, á prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

3. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados na data límite de xustificación establecida no punto 2 deste artigo.

Artigo 12. *Gastos subvencionables*

1. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles gastos correntes que de xeito indubidable respondan á realización do proxecto, así como os gastos de difusión e publicidade en calquera soporte, en que se fará constar o logotipo da Xunta de Galicia, seguindo as súas normas de identidade corporativa, alugamento de espazos, servizos e equipamentos técnicos, cachés dos grupos e compañías, así como os gastos de viaxes e aloxamento dos participantes nas actividades propostas.

Todos os gastos subvencionables deberán estar pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

2. En ningún caso serán subvencionables:

– Investimento ou adquisición de material ou equipamentos que supoñan incremento de patrimonio do solicitante.



- Gastos protocolarios.
- Degustacións gastronómicas e actividades complementarias que non teñan carácter cultural.
- Os gastos excluídos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13. *Obrigas dos beneficiarios*

Os beneficiarios das subvencións quedarán suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, en concreto, estarán obrigados a:

1. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal fosen concedidos. Os servizos técnicos da Xunta de Galicia realizarán a comprobación explícita da execución do proxecto.
2. Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
3. Facer constar en toda a publicidade xerada polo proxecto subvencionado que reciben unha subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, utilizando a normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

Artigo 14. *Reintegro da axuda e procedemento sancionador*

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. No caso de que o beneficiario da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria instruirá un expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras ad-



ministracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, pode dar lugar á modificación da resolución de concesión ou da axuda concedida.

Artigo 15. *Recursos*

Contra esta orde e contra os actos resolutivos referentes a ela, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a recepción da notificación da resolución ou, potestativamente, interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución recurso de reposición perante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Disposición derradeira primeira

Facúltase o secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para ditare, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: si1vv4x0-y0j3-h719-u5h2-9ywf1g228u1





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A FESTIVAIS, FEIRAS, MOSTRAS, CICLOS E CERTAMES DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS DE CARÁCTER AFECCIONADO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CT215A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
IBAN

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

NOME DO PROXECTO PARA O CAL SE SOLICITA SUBVENCIÓN

ORZAMENTO TOTAL SUBVENCIÓN SOLICITADA

MODALIDADE DA SUBVENCIÓN

Artes escénicas

Música

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: si1vv4x0-y0j3-h719-u5h2-9ywf1g228u1





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.

Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

4. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. No caso das entidades locais, estar ao día do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

Copia do DNI/NIE da persoa representante, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.

Certificado do acordo de solicitude da axuda.

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Acreditación da representación da persoa que asine en nome da entidade.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Copia do NIF da entidade, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Copia dos estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no rexistro que corresponda.	<input type="checkbox"/>			

Documentación específica

1. Ficha do proxecto (anexo II).

2. Memoria da traxectoria e interese cultural e artístico do evento en edicións anteriores, que deberá abordar os seguintes aspectos:

2.1. Antigüidade do evento, carácter continuado e non ocasional do proxecto e concreción do número de edicións realizadas.

2.2. Premios e recoñecementos acreditados.

2.3. Asistencia de público, con indicación dos datos de participación presencial.

2.4. Calidade das programacións, resumo dos contidos e obxectivos da actividade facendo explícitos os seus aspectos innovadores.

2.5. Repercusión nos medios de comunicación e no territorio.

3. Memoria completa e detallada do proxecto para o cal se solicita a subvención:

3.1. Interese, singularidade e relevancia artística e cultural da edición.

3.2. Contribución e estratexias de captación ou creación de novos públicos e destinatarios do proxecto: contorno da propia entidade, colectivos específicos, público xeral.

3.3. Programación de actividades culturais complementarias vinculadas ao proxecto presentado.

3.4. Plan de comunicación, deseño, desenvolvemento, presenza do evento nos medios de comunicación, na internet e nas redes sociais.

3.5. Repercusión territorial, estimación de potenciais beneficiarios e outras entidades implicadas no desenvolvemento do evento.

3.6. Contribución ao desenvolvemento e difusión da cultura en lingua galega, presenza do galego no programa do evento e a súa difusión.

4. Para as solicitudes conxuntas presentadas por entidades locais: memoria de aforro de custos respecto á presentada de modo individual.

5. Para entidades locais, acreditación do cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, o que deberán acreditar antes da concesión.

CVE-DOG: si1vv4x0-y0j3-h719-u5h2-9ywf1g228u1



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**ANEXO I**
(continuación)

Autorizo a Secretaría Xeral de Cultura, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo a Secretaría Xeral de Cultura para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fins de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2016.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Secretaría Xeral de Cultura

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

FICHA DO PROXECTO

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PROXECTO	
MODALIDADE DA SUBVENCIÓN	<input type="radio"/> Artes escénicas <input type="radio"/> Música
DENOMINACIÓN DO PROXECTO	Nº EDICIÓNS REALIZADAS
<input type="text"/>	<input type="text"/>
LUGAR DE REALIZACIÓN	DATAS DE REALIZACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO	
ORZAMENTO SEN IVE	ORZAMENTO CON IVE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

ORZAMENTO DE INGRESOS	
A. SUBVENCIÓN SOLICITADA	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL (A)	
B. AXUDAS DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL (B)	
C. FONDOS E RECURSOS PROPIOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL (C)	
D. PATROCINIOS PRIVADOS	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL (D)	
TOTAL INGRESOS	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL (A+B+C+D)	

NIVEL DE AUTOFINANCIAMENTO DO PROXECTO	
Fondos e recursos propios (C) + patrocinios privados (D) empregados no evento con respecto ao orzamento total do proxecto sen IVE	
ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO SEN IVE	FONDOS E RECURSOS PROPIOS + PATROCINIOS PRIVADOS
<input type="text"/>	<input type="text"/>
NIVEL DE AUTOFINANCIAMENTO DO PROXECTO <input type="radio"/> superior ao 30 % ata o 40 % <input type="radio"/> superior ao 40 % e ata o 60 % <input type="radio"/> superior ao 60 %	

CVE-DOG: si1vv4x0-y0j3-h719-u5h2-9ywf1g228u1


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ORZAMENTO DE GASTOS		
A. GASTOS DE DIFUSIÓN E PUBLICIDADE	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL (A)		
B. ALUGAMENTOS, SERVIZOS E EQUIPAMENTOS TÉCNICOS	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL (B)		
C. CACHÉS DE COMPAÑÍAS/GRUPOS	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL (C)		
D. DOTACIÓN PREMIOS	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL (D)		
E. VIAXES E ALOXAMENTOS	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL (E)		
F. OUTROS GASTOS	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL (F)		
TOTAL GASTOS	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL (A+B+C+D+E+F)		

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data , de de



Secretaría Xeral de Cultura




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO III

DECLARACIÓN DE AXUDAS
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

 2. Que en relación coas axudas *de minimis*:


- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
 Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Secretaría Xeral de Cultura


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>
